

ROGO DE AER SOBRE CURSOS/ACTIVIDADES DAS ASOCIACIÓNS

PLENO 26 DECEMBRO 2013. ACTA 21/2013

No termo municipal de Redondela existe unha gran cantidade de asociacións, moitas das cales levan a cabo actividades, cursos, obradoiros, etc. durante todo o ano, dirixidos non só para os seus socios senón para calquera veciño do Concello.

A persoa que queira realizar un curso ou actividade atópase co problema ou dificultade de que non existe ningún tipo de información ou publicidade a nivel municipal, que dun modo unificado proceda a indicar todas as actividades que ofrecen as distintas asociacións, téndose que desprazar a cada parroquia para obter información.

Polo anterior, e sabendo que este tema foi tratado no Consello da Muller, rogamos/interesamos que dun modo fácil e unificado (folleto informativo ou web municipal) se proceda dar publicidade a todas as actividades, obradoiros, cursos, etc. que se realizan polas distintas asociacións no termo municipal de Redondela.